



DOSSIER DE PRENSA

II Xornada Pública Somos Pandeireteiras

As tocadoras como transmisoras da lingua galega

*Como tocadoras, estamos aquí e agora. Construimos e peneiramos a sociedade co noso pensamento e coas nosas músicas. Facémolo da man das nosas mestras, mulleres que pertencían a outro xeito de saber. **Elas eran e son, e agora tamén somos nós, as que podemos culturalmente construír o noso relato e forma de estar no mundo.** Podemos pensármolos como transmisoras da lingua galega, das falas e da sororidade. Ser as donas da palabra.*

*Nos alicerces da nosa asociación está **situármolos como transmisoras da lingua galega e, por conseguinte, das súas falas.** Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2025, data na que a Real Academia Galega renderá homenaxe a seis tocadoras da nosa tradición, promovemos a II edición das nosas Xornadas Públicas para abordar o papel fundamental das pandeireteiras como transmisoras da lingua e das falas dos distintos territorios antes, agora e de cara ao futuro.*

SOMOS PANDEIRETEIRAS é unha asociación sen ánimo de lucro creada en 2023 coa intención de promover un proxecto cultural galego de carácter social. A entidade propón abrir un espazo propio para as tocadoras. Un lugar no que sexan (e estean) no centro e tomen a palabra. Un punto onde pousar a cabeza e construír o propio relato, alén de miralo como algo anacrónico ou do pasado.

A Xunta Directiva de Somos Pandeireteiras son:

- Presidenta: Gisela Sanmartín
- Vicepresidenta: Mercedes Peón
- Secretaria: Ana Fernández
- Tesoureira: Mar da Bouzas



DOSSIER DE PRENSA

II Xornada Pública Somos Pandeireteiras

As tocadoras como transmisoras da lingua galega

II XORNADA PÚBLICA SOMOS PANDEIRETEIRAS

As tocadoras como transmisoras da lingua galega

Milleiros de mulleres espalladas por todo o territorio galego xuntábanse para tocar e bailar sendo a centralidade da transmisión musical e da palabra. Aínda hoxe ofrecen un xeito de entender o mundo fóra da transacción comercial.

O 17 de maio, Día das Letras Galegas, xuntarémonos de novo en Santiago de Compostela.

Encontrarémonos, conversaremos, falaremos do que sabemos e do que queremos transmitir como pandeireteiras, regueifeiras, músicas, compositoras e pensadoras.

O vindeiro 17 de maio celebraremos a **II Xornada Pública de Somos Pandeireteiras**, un espazo de articulación das mulleres tocadoras do país, e que terá lugar no Auditorio de Galicia. O encontro contará con catro mesas de traballo arredor do papel das mulleres pandeireteiras como transmisoras da lingua galega e unha gran foliada aberta á veciñanza. A raíz das principais conclusións da xornada, elaborárase unha publicación.

As xornadas están dirixidas **a todas as mulleres pandeireteiras galegas** e contarán cun límite de 100 prazas (25 persoas por mesa redonda) coa intención de poder desenvolver, nas mellores condicións posibles, un debate de xeito colectivo e colaborativo en cada mesa. A inscrición pódese realizar desde o 2 de abril a través da páxina web www.somospandeireteiras.gal

Porén, a foliada (20.00 a 22.00 horas) é aberta a toda a cidadanía. O encontro festivo que pechará esta II Xornada Pública non require inscrición previa.



DOSSIER DE PRENSA

II Xornada Pública Somos Pandeireteiras
As tocadoras como transmisoras da lingua galega

PROGRAMA

15:30h-16:00h: Recepción de asistentes.

16:00-16:15h Benvida e presentación de Somos Pandeireteiras.

Gisela Sanmartín. Presidenta de Somos Pandeireteiras.

16:15h-16:30h Presentación da xornada 'As tocadoras como transmisoras da lingua galega'.

Mercedes Peón. Vicepresidenta de Somos Pandeireteiras.

16:30h-17:00h Conversa entre a xornalista **Pilar García Rego** e **Gisela Sanmartín, Mercedes Peón, Ana Fernández e Mar da Bouzas**, da xunta directiva de Somos Pandeireteiras.

17:00h-17:30h Conversa entre a xornalista **Pilar García Rego** e as tocadoras de Chaín: **Digna Pérez Pérez e Otilia Mouriño Álvarez**.

17:30h-19:00h Mesas de traballo:

Mesa 1: As pandeireteiras: referente educativo nas escolas a nivel musical, cultural e literario.

Nesta mesa falarase da importancia da presenza dos contidos relacionados coas pandeireteiras dentro do currículo da educación obrigatoria, nos cursos oficiais de formación do profesorado así como a relación das pandeireteiras coas estruturas culturais dos diferentes territorios.

Modera: Maruxa Mascuñana.

Relatora: Paula Carballeira.

Mesa 2: Transmisión das coplas e das falas atendendo os contextos e as súas diferencias dialectais. De aldea a aldea. De aldea a cidade.

Nesta mesa falarase do modo de transmisión dos trazos dialectais da zona onde se realiza a recollida das pezas, analizando se existe respecto por estes trazos á hora de transcribir e transmitir as pezas, se se adaptan á fala de quen interpreta, ou se estandarizan ao galego normativo.

Modera: Icíá Varela.

Relatora: Olga Novo.

Mesa 3: A influencia das mestras de pandeireta nas persoas castelán falantes e neofalantes.

Nesta mesa falarase de como as clases de pandeireta foron e son un espazo onde achegarse á lingua galega para persoas que na súa vida cotiá son castelán falantes ou están en proceso de cambio para integrar o galego como lingua principal.

Modera: Lupe Blanco.

Relatora: Nuria de Vil.



DOSSIER DE PRENSA

II Xornada Pública Somos Pandeireteiras
As tocadoras como transmisoras da lingua galega

Mesa 4: Tradución das coplas ao galego, licenzas poéticas e diglosia. Responsabilidade da lingua na escena contemporánea.

Nesta mesa falarase sobre o traballo de tradución das coplas ao galego atendendo a tres cuestións: como, quen e cando se traducen; do grao de responsabilidade que teñen as persoas que están actualmente en escena con respecto á lingua e do simbolismo do uso da lingua galega nos espazos escénicos, así como da responsabilidade da mensaxe que poida chegar ao público.

Modera: Icíá Sanmartín.
Relatora: Ánxela Lema.

19:00h-19:30h Conclusións das mesas de traballo.

Paula Carballeira, Olga Novo, Nuria de Vil e Ánxela Lema.

19:30h-19:40h Peche do encontro.

Ana Fernández, secretaria de Somos Pandeireteiras.

Mar da Bouzas, tesoureira de Somos Pandeireteiras.

20:00h-22:00h Foliada aberta ao público.

MÁIS INFORMACIÓN E CONTACTO

Información sobre a I Xornada Pública Somos Pandeireteiras

Decembro de 2021, Carballo

Información e inscrición gratuíta na II Xornada Pública Somos Pandeireteiras

www.somospandeireteiras.gal (prazas limitadas).

Kit de prensa II Xornada Pública Somos Pandeireteiras

Contacto de prensa

Lucía Pita. 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es